

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19069 *REAL DECRETO 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.* («BOE» 264, do 3-11-2007.)

I

A disposición derradeira cuarta da Lei 15/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, establece a obriga do Goberno de aprobar un regulamento de aplicación da citada Lei 18/2001 ás entidades locais, que atenda ás súas particularidades organizativas, funcionais e económico-financieiras, así como ao disposto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Aquela disposición derradeira e as remisións específicas que realiza o articulado da Lei xeral de estabilidade orzamentaria fundamentan as normas contidas neste regulamento.

II

Este real decreto consta dun artigo, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

En virtude do seu artigo único, apróbase o Regulamento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais.

A disposición adicional determina a aplicación do regulamento no ámbito das facendas forais.

As disposicións derradeiras recollen o carácter básico deste real decreto, as facultades de desenvolvemento e execución, o procedemento de modificación dos artigos 27, 29, 30 e 31, en canto disposicións sobre remisión de información polas entidades locais, así como a súa entrada en vigor.

O texto que se aproba está integrado por corenta e un artigos, agrupados en cinco títulos, e dúas disposicións adicionais.

O título I ten por obxecto identificar o sector público local regulando o Inventario de entes do sector público local, co fin de desenvolver para o devandito ámbito o artigo 2 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

O título II refírese á instrumentación do principio e ao establecemento do obxectivo de estabilidade orzamentaria aplicable ás entidades locais, desenvolvendo os artigos 7, 8, 19 e 20 da lei. Para estes efectos, considérase a diferenciación institucional que realizan os dous últimos

preceptos citados da lei, entre aqueles municipios, incluídos no modelo de cesión de impostos estatais, aos cales se lles podería aplicar o principio de estabilidade orzamentaria asociado ao ciclo económico, e o resto de entidades locais.

Nese mesmo título, e en relación co primeiro grupo de entidades, desenvólvense as normas da Lei xeral de estabilidade orzamentaria que regulan os programas destinados a atender actuacións produtivas que se poderán financiar parcialmente con déficit, dentro dos límites e condicións que aquela establece.

O título III regula as consecuencias do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a súa interrelación co réxime de autorización de operacións de crédito e de emisión de débeda recollido no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O artigo 23 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria modificou parcialmente o devandito réxime, ampliando os supostos de autorización administrativa das operacións de endebedamento para as entidades locais do artigo 111 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que incumprisen o obxectivo de estabilidade. Estas entidades, se contan cun plan económico-financieiro aprobado, deben someter a autorización administrativa a totalidade das súas operacións de endebedamento a longo prazo, estando suxeitas tamén a autorización as de curto prazo no caso de que non presentasen o plan ou este non fose aprobado.

Así mesmo, o título III regula o procedemento de aprobación dos plans económico-financieiros de reequilibrio para a corrección das situacións de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o seu contido e seguimento por parte da Administración pública á cal corresponda a tutela financeira das entidades locais que deban elaboralos e presentalos. Coas normas contidas neste título, o regulamento desenvolve os artigos 9, 10, 22 e 23 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Por outra banda, a necesidade de dispor de información para realizar o seguimento do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, relativa aos orzamentos e ás súas liquidacións para as entidades locais, exige dispor dunha base de datos que centralice a información xeral precisa para levar a cabo o devandito seguimento. A súa formación e alcance, así como os prazos de remisión da información por parte das entidades locais, son obxecto de tratamento no título IV, que define, así mesmo, as relacións interadministrativas de subministración de información, relevante para os efectos de lles dar cumprimento aos principios de transparencia e de estabilidade orzamentaria.

O título V desenvolve os artigos 24 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ambos os dous reguladores da Central de Información de Riscos das Entidades Locais (CIR Local). A integración deste título tendo en conta as normas que o fundamentan motiva a derroga-

ción do Real decreto 1438/2001, do 21 de decembro, polo cal se regulaba a mencionada central de información.

Finalmente, inclúense dúas disposicións adicionais; a primeira trata de homoxeneizar as referencias que se recollen no regulamento aos diferentes órganos de goberno das entidades locais; a segunda recolle un mandato para a confirmación da información contida na CIR Local por parte das entidades locais.

Este real decreto obtivo o informe favorable da Comisión Nacional de Administración Local.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 2 de novembro de 2007.

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.*

Apróbese o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto neste real decreto levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da data de entrada en vigor deste real decreto, queda derogado o Real decreto 1438/2001, do 21 de decembro, polo que se regula a Central de Información de Riscos das Entidades Locais (CIR Local).

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

1. Este real decreto ten carácter de norma básica de conformidade co disposto nas disposicións derradeiras segunda, punto 1, e terceira da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

2. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a, 149.1.14.^a e 149.1.18.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e aplicación.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas que resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificación das disposicións sobre remisión de información.*

De conformidade co establecido no punto 2 do artigo 21 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, os artigos 27, 29, 30 e 31 do regulamento, en canto que concretan a información que se vai subministrare, o procedemento e o prazo de remisión de información polas entidades locais ao Ministerio de Eco-

nomía e Facenda, poderanse modificar mediante orde do ministro de Economía e Facenda, logo de informe da Comisión Nacional de Administración Local.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será aplicable aos orzamentos cuxa elaboración se deba iniciar a partir da entrada en vigor da Lei 15/2006, do 26 de maio.

Dado en Madrid o 2 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 18/2005, XERAL DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, NA SÚA APLICACIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS

TÍTULO I

Inventario de entes do sector público local

Artigo 1. *Inventario de entes do sector público local.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda, a través da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, formará e xestionará, a partir da información contida na base de datos xeral de entidades locais regulada no artigo 27 deste regulamento, o Inventario de entes do sector público local.

2. O Inventario de entes do sector público local estará permanentemente actualizado e conterá información abonda sobre a natureza xurídica e fontes de financiamento de cada un dos suxeitos que aparecen nel.

Artigo 2. *Alcance subxectivo do Inventario de entes do sector público local.*

1. Para os efectos do disposto neste título, considéranse integrantes do Inventario de entes do sector público local:

a) Os concellos, deputacións, consellos e cabidos insulares.

b) Os órganos de goberno e administración das áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios, as comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios e as entidades de ámbito territorial inferior ao municipal, constituídas ou recoñecidas polas comunidades autónomas de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os correspondentes estatutos de autonomía.

c) Os organismos autónomos e entidades públicas empresariais vinculadas ou dependentes dos suxeitos enumerados nas alíneas a) e b).

d) As sociedades mercantís en que se dea algunha de seguintes circunstancias:

Que a entidade local, os seus entes dependentes, vinculados ou participados por esta, participen no seu capital social, directa ou indirectamente, de forma maioritaria.

Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da entidade local dispoña de dereitos de voto maioritarios na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.

Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrante ou dependente da entidade local teña

dereito a nomear ou a destituír a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.

Que o administrador único, ou a maioría dos membros do consello de administración da sociedade, fosen designados na súa calidade de membros ou conselleiros pola entidade local, organismo ou sociedade mercantil dependentes da entidade local.

e) As institucións sen ánimo de lucro que estean controladas ou financiadas maioritariamente por algún ou varios dos suxeitos enumerados neste artigo.

f) Os consorcios que as entidades locais puidesen constituír con outras administracións públicas para fins de interese común ou con entidades privadas que persigan fins de interese xeral, sempre que a participación da ou das entidades locais nos devanditos consorcios sexa maioritaria, ou ben que en caso de igualdade de participación con outras entidades que non sexan de carácter local se cumpra algunha das seguintes características:

Que a ou as entidades locais dispoñan de maioría de votos nos órganos de goberno.

Que a ou as entidades locais teñan facultades para nomear ou destituír a maioría dos membros do órgano de goberno.

g) Aqueles entes non incluídos nos parágrafos anteriores, que sexan clasificados como axentes do sector público local polas institucións con competencia en materia de contabilidade nacional citadas no artigo 3.1 deste regulamento.

2. Para os efectos previstos na alínea d) do punto 1, aos dereitos de voto, nomeamento ou destitución mencionados engadiranse os que a entidade local, organismo ou sociedade mercantil integrantes ou dependentes da entidade local posúa a través doutras sociedades.

Para a determinación da porcentaxe de participación, naqueles supostos en que participen ou teñan dereitos de voto, nomeamento ou destitución varios suxeitos dos enumerados no punto primeiro deste artigo sumaranse as porcentaxes de participación e disposición de dereitos de todos eles.

3. Para os efectos previstos nas alíneas e) e f) do punto 1, en caso de igualdade de participación, de achega financeira e de dereitos sociais atenderase ao ámbito territorial onde se desenvolva a actuación obxecto das devanditas unidades institucionais.

Artigo 3. *Clasificación de axentes.*

1. O Instituto Nacional de Estatística, xunto coa Intervención Xeral da Administración do Estado, como órganos competentes na elaboración das contas nacionais das unidades que compoñen o sector das administracións públicas, e coa colaboración técnica do Banco de España, efectuarán a clasificación dos axentes do sector público local, para os efectos da súa inclusión nas categorías previstas no artigo 4.1 ou no artigo 4.2 deste regulamento. Para este fin, utilizarase a información contida no Inventario de entes do sector público local e na base de datos xeral das entidades locais regulada no artigo 27 deste regulamento, así como calquera outra que sexa necesaria e que se requira para o efecto.

2. A clasificación seralles notificada ás entidades locais concernidas e á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para os efectos da súa anotación no Inventario de entes do sector público local, e terá unha vixencia de cinco anos, coincidindo coa duración das bases da contabilidade nacional, salvo que se produza un cambio no obxecto social, unha modificación substancial da actividade desenvolvida ou un cambio nas

fontes de financiamento dalgún dos axentes; nestes casos estudarase de novo a súa clasificación.

3. En todo caso, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderase dirixir ás entidades locais para solicitar a información necesaria para a clasificación das súas entidades dependentes nas categorías previstas nos puntos 1 e 2 do artigo 4 deste regulamento.

TÍTULO II

Instrumentación do principio e determinación do obxectivo de estabilidade orzamentaria aplicables ás entidades locais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 4. *Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria.*

1. As entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade definido nos puntos 1 e 3 do artigo 19 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Para os efectos anteriores, e en canto á execución de orzamentos, entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade orzamentaria calquera alteración dos orzamentos iniciais definitivamente aprobados da entidade local e dos seus organismos autónomos e, de ser o caso, calquera variación da evolución dos negocios respecto da previsión de ingresos e gastos dos entes públicos dependentes.

2. As restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación.

Artigo 5. *Procedemento de instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais asociado ao ciclo económico.*

1. Dentro dos dous primeiros meses de cada ano, as asociacións das entidades locais representadas na Comisión Nacional de Administración Local poderánlle presentar a esta unha proposta dos municipios que, estando incluídos no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, axustarán os seus orzamentos, correspondentes aos tres exercicios seguintes, ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

2. De se presentar a devandita proposta, a Comisión Nacional de Administración Local determinará, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da conclusión do prazo citado no punto anterior, os municipios que axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria nos termos do artigo 19.1 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

3. De non se recibir no prazo citado a proposta anterior, salvo acordo do Goberno, non lle será de aplicación

a ningunha entidade local o principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit ao longo do ciclo económico. A devandita circunstancia porase en coñecemento da Comisión Nacional de Administración Local.

Artigo 6. *Fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. Antes da súa aprobación polo Goberno, a Comisión Nacional de Administración Local emitirá informe, no prazo máximo de quince días hábiles a partir da recepción da proposta do Ministerio de Economía e Facenda, sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria referido aos tres exercicios seguintes para o conxunto do sector público local, que se entenderá aplicable a cada unha das entidades locais en termos consolidados, considerando os entes do artigo 4.1 deste regulamento.

2. O obxectivo de estabilidade orzamentaria citado no punto anterior identificarase, con carácter xeral, cunha situación de equilibrio ou de superávit computado en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, sen prexuízo do previsto nos artigos 7, 8 e 9 seguintes.

Artigo 7. *Informe de avaliación da fase do ciclo económico.*

1. Con carácter previo á determinación polo Goberno do obxectivo de estabilidade orzamentaria dos municipios aos cales se refire o artigo 5 deste regulamento, a Comisión Nacional de Administración Local emitirá informe sobre a proposta do Ministerio de Economía e Facenda relativa á taxa de variación do produto interior bruto nacional real que determine o limiar mínimo de crecemento económico por debaixo do cal as entidades locais citadas poderán excepcionalmente presentar déficit e o limiar máximo de crecemento económico por riba do cal deberán presentar superávit.

2. O informe citado da Comisión Nacional de Administración Local emitirase na mesma sesión a que se refire o artigo 5.2 deste regulamento.

3. Á proposta do Ministerio de Economía e Facenda citada no artigo 6.1 xuntarase o informe a que se refire o artigo 8.2 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, relativo á avaliación da fase do ciclo económico prevista para cada un dos anos aos cales se refire a determinación de obxectivo de estabilidade orzamentaria, cos efectos que se recollen nos dous artigos seguintes.

Artigo 8. *Obxectivo de estabilidade orzamentaria: superávit.*

1. Se o informe citado no punto 3 do artigo anterior prevé un crecemento económico superior ao limiar máximo da taxa de variación citada no punto 1 dese artigo, o obxectivo de estabilidade dos municipios incluídos no artigo 5 deberá ser de superávit. O devandito superávit determinarase de acordo coa definición de «capacidade de financiamento» contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

2. O superávit orzamentario dos municipios incluídos no artigo 5 deberá garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade e, de ser o caso, o previsto no artigo 193.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 9. *Obxectivo de estabilidade orzamentaria: déficit.*

1. Se o informe citado no punto 3 do artigo 7 deste regulamento prevé un crecemento económico inferior ao limiar mínimo da taxa de variación citada no seu punto 1,

o obxectivo de estabilidade dos municipios incluídos no artigo 5 deste regulamento poderá ser de déficit.

2. Tendo en conta os datos referentes ás liquidacións orzamentarias dos municipios incluídos no artigo 5 deste regulamento, subministrados pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais no prazo establecido no artigo 5.1 deste regulamento, as asociacións das entidades locais representadas na Comisión Nacional de Administración Local poderán presentar unha proposta da porcentaxe dos ingresos non financeiros consolidados, correspondentes ao exercicio inmediato anterior, que determinará o límite máximo do déficit en que poderá incurrir cada un daqueles municipios en termos consolidados, considerando os entes do artigo 4.1 deste regulamento, no exercicio orzamentario de que se trate, e que, globalmente, non poderá superar o 0,05 por cento do produto interior bruto nacional.

3. Sobre a citada proposta, no mesmo prazo establecido no artigo 5.2 deste regulamento, pronunciarase a Comisión Nacional de Administración Local.

4. De non se formular a proposta do punto 2 anterior, o Goberno fixará o límite máximo do déficit, en porcentaxe de ingresos non financeiros consolidados, que será de aplicación a cada un dos municipios incluídos no ámbito do artigo 5, ou, de ser o caso, establecerá en termos absolutos o límite de déficit en que poderá incurrir cada entidade.

5. Para a aplicación efectiva do disposto neste artigo, os municipios incluídos no artigo 5 deste regulamento deberán presentar á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, do Ministerio de Economía e Facenda, unha memoria plurianual verbo da evolución prevista dos saldos orzamentarios correspondentes ás operacións non financeiras, que deberá garantir a estabilidade ao longo do ciclo.

CAPÍTULO II

Déficit asociado a programas de investimentos produtivos

Artigo 10. *Ámbito subxectivo de aplicación do déficit.*

Con independencia do obxectivo a que se refiren os artigos 8 e 9 anteriores, e con carácter excepcional, os municipios incluídos no acordo citado no artigo 5 deste regulamento poderán presentar un déficit adicional destinado exclusivamente ao financiamento de incrementos de investimento en programas destinados a actuacións produtivas.

Artigo 11. *Determinación dos programas de investimentos produtivos.*

1. Para os efectos do artigo anterior, determinaranse os programas destinados a atender actuacións produtivas de acordo cos criterios xerais establecidos pola Comisión Nacional de Administración Local.

2. Os criterios anteriores adecuaranse, de ser o caso, ás peculiaridades dos municipios citados no artigo 10 deste regulamento, ao disposto no artigo 7.6 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e ao que acorde, no seu ámbito de actuación, o Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas.

Artigo 12. *Financiamento con aforro bruto dos programas de investimentos produtivos.*

Os programas destinados a atender actuacións produtivas deberán ser financiados polo menos nun 30 por cento con aforro bruto do municipio que os propoña. Esta magnitude entenderase en termos consolidados, consi-

derando os entes do artigo 4.1 deste regulamento, e medirase en termos de contabilidade nacional.

Artigo 13. Financiamento dos programas de investimentos produtivos mediante endebedamento.

1. Os programas destinados a atender actuacións produtivas poderán ser financiados como máximo nun 70 por cento con endebedamento financeiro, dentro dos límites que establecen os artigos 7.5 e 19.2 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

2. Tendo en conta os datos referentes ás liquidacións orzamentarias dos municipios incluídos no artigo 5 deste regulamento, subministrados pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, no prazo establecido no artigo 5.1 deste regulamento, as asociacións das entidades locais representadas na Comisión Nacional de Administración Local poderán presentar unha proposta da porcentaxe dos ingresos non financeiros consolidados, correspondentes ao exercicio inmediato anterior, que determinará o límite máximo do déficit en que poderá incurrir cada un dos municipios, en termos consolidados, citados naquel precepto, e que, globalmente, non poderá superar o 0,05 por cento do produto interior bruto nacional.

3. Sobre a citada proposta, no mesmo prazo establecido no artigo 5.2 deste regulamento, pronunciarase a Comisión Nacional de Administración Local.

4. De non se formular a proposta do punto 2 anterior, o Goberno fixará a porcentaxe dos ingresos non financeiros consolidados, correspondentes ao exercicio inmediato anterior, que determinará o límite máximo do déficit en que poderán incurrir cada un dos municipios, ou, de ser o caso, establecerá en termos absolutos o límite de déficit en que poderá incurrir cada entidade. Do devandito acordo daráselle coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local.

Artigo 14. Autorización dos programas de investimentos produtivos.

1. Os programas destinados a atender actuacións produtivas deberán ser aprobados polo Pleno da Corporación.

2. Os programas poderán ter carácter plurianual e deberán axustar aos criterios e límites a que se refiren os artigos 11, 12 e 13 anteriores.

3. Para lle dar cumprimento ao establecido no artigo 19.2 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e neste regulamento, os programas de investimentos produtivos serán presentados, en todo caso, na Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para a súa autorización polo Ministerio de Economía e Facenda.

Con independencia da duración dos programas aprobados pola entidade local, a autorización do Ministerio de Economía e Facenda terá carácter anual e efectos para o exercicio orzamentario correspondente.

4. A resolución que se dite para o efecto terá en conta o réxime xurídico a que se refire o punto anterior e o artigo 53.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5. O Ministerio de Economía e Facenda elaborará, ao final de cada semestre natural, un informe relativo aos programas de investimentos presentados e á súa autorización. Este informe trasladarase para coñecemento da Comisión Nacional de Administración Local.

6. O Ministerio de Economía e Facenda comunicarlle ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira os programas de investimentos produtivos que autorice.

TÍTULO III

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

Artigo 15. Cumprimento do obxectivo de estabilidade.

1. Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, de ser o caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 deste regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais a que se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos en que, conforme o artigo 169.6 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

2. En relación ás restantes entidades a que se refire o artigo 4.2 deste regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

Artigo 16. Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade.

1. A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade das entidades locais ás cales se refire o artigo 5 deste regulamento en canto á liquidación do orzamento ou á aprobación da conta xeral, corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado, que se deberá pronunciar no prazo máximo de 45 días naturais contados desde a recepción da documentación completa. Sen prexuízo da información que se detalla no título IV deste regulamento, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicitar calquera outra adicional para a avaliación do devandito cumprimento.

O resultado da avaliación seralles notificado, aemade, á entidade local e á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira; a estas últimas, para os efectos de requirimento, se é o caso, do plan económico financeiro de reequilibrio que deberá elaborar a entidade local afectada de incumprimento e que, en aplicación do artigo 22.2 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, deberá ser aprobado por algún dos órganos citados.

En canto ao orzamento inicial e, de ser o caso, ás súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderalle á Intervención local, nos mesmos termos previstos no punto seguinte.

2. Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de contabilidade nacional,

segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 deste regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitiralle o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.

Artigo 17. Informes sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

1. O Ministerio de Economía e Facenda elaborará o informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria a que se refire o artigo 9 de Lei xeral de estabilidade orzamentaria, na parte relativa ás entidades locais.

2. Para os efectos da elaboración do citado informe, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais subministrarlle á Intervención Xeral da Administración do Estado, antes do 31 de maio de cada ano e en relación ás entidades locais incluídas no ámbito do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a información dispoñible para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, deducida dos plans económico-financeiros aprobados e en vigor no exercicio anterior.

A citada dirección xeral comunicará, así mesmo, antes do 31 de maio de cada ano e en relación a todas as entidades locais, utilizando como fonte a base de datos de orzamentos e liquidacións de entidades locais a que se refire o artigo 28 deste regulamento, a información recibida destas contida no artigo 30.1 deste regulamento e, así que estea dispoñible, a información a que se refiren os artigos 30.2 e 31.

3. Elaborado o informe polo Ministerio de Economía e Facenda, darase traslado, na parte relativa ás entidades locais e antes da súa elevación ao Goberno, á Comisión Nacional de Administración Local.

Artigo 18. Risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

1. Co fin de lle dar cumprimento ao disposto no artigo 10.1 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais poderá iniciar un procedemento de advertencia de risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria dunha entidade local, cando esta se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Que non remítise dentro do prazo establecido a información citada nos artigos 29, 30 e 31 deste regulamento.

b) Que non remítise a información mensual recollida no artigo 40.2.c) deste regulamento das variacións que, de ser o caso, se produzan en relación coas operacións citadas no artigo 36 deste regulamento, e a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais verifícase na información recibida do Banco de España a concertación de operacións financeiras non previstas no orzamento xeral vixente da entidade local.

c) Que non remítise o informe anual, que debe elaborar a Intervención local e poñer en coñecemento do Pleno da corporación, relativo ao cumprimento do plan económico-financeiro, nos termos do artigo 22.2 deste regulamento.

d) Calquera outro feito, acto ou omisión que poña de manifesto un risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade.

2. Para os fins establecidos neste artigo, as comunidades autónomas que exercen tutela financeira sobre as entidades locais do seu territorio remitiranlle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, con periodicidade trimestral, un informe relativo ás entidades locais que se atopen nas situacións especificadas nas alíneas b), c) e d) do punto 1 anterior, e que poderían dar lugar ao inicio do procedemento de advertencia de risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

3. A Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais notificaralle o inicio do procedemento de advertencia de risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, con indicación da situación que o motivou, á entidade local responsable, que disporá dun prazo de quince días hábiles contados desde a recepción da devandita comunicación, para presentar alegacións, con coñecemento do Pleno da corporación. Nese mesmo prazo poderase, de ser o caso, corrixir a situación que motivou o inicio do procedemento.

4. Finalizado o prazo de alegacións, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ditará proposta de advertencia á entidade local de risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou acordará o arquivo das actuacións, o que se lle notificará á entidade local, e, de ser o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira das entidades locais. Cando se formule proposta de advertencia de risco de incumprimento, elevarase ao ministro de Economía e Facenda.

5. O Goberno, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, poderalle formular a advertencia á entidade local responsable da existencia de risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Formulada a devandita advertencia, a Comisión Nacional de Administración Local e, de ser o caso, o órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, serán informados desta, a través do Ministerio de Economía e Facenda, para o seu coñecemento.

Artigo 19. Plan económico-financeiro.

1. Procederá a elaboración dun plan económico-financeiro cando o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria efectuado pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou o realizado pola Intervención da entidade local, na forma establecida no artigo 16 deste regulamento, sexa de incumprimento do obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás cales se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades, salvo que o Goberno, en aplicación do artigo 10.3 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, lle propoña á Comisión Nacional de Administración Local a non-aplicación á entidade local do plan de reequilibrio.

2. O Plan económico-financeiro obterase como consolidación dos plans individuais das entidades ás cales se refire o artigo 4.1 deste regulamento, cunha proxección temporal máxima para alcanzar o reequilibrio a tres anos, contados a partir do inicio do ano seguinte a aquel en que se poña de manifesto o desequilibrio.

Artigo 20. Contido do Plan económico-financeiro.

O Plan económico-financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) Relación de entidades dependentes, recollida no artigo 2 deste regulamento, con mención expresa á forma xurídica, participación total ou parcial, directa ou indirecta

e delimitación sectorial de cada unha delas de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

b) O informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade emitido polo órgano competente, recollido no artigo 16 deste regulamento.

c) Información de ingresos e gastos, no nivel de capítulo, do orzamento ou, de ser o caso, da liquidación orzamentaria aprobada con desequilibrio, e as proxeccións orzamentarias de ingresos e gastos do exercicio ou exercicios posteriores ata alcanzar o reequilibrio, cun máximo de tres anos.

As proxeccións orzamentarias incluírán, de ser o caso, as previsións de investimento e a súa proposta de financiamento.

A información anterior consolidarase e conterá a desagregación individual que permita verificar a agregación das diferentes entidades dependentes integradas e os correspondentes axustes de consolidación.

Se a elaboración e aprobación do plan polo Pleno se realizase sen efectuarse a liquidación consolidada das entidades dependentes, por darse a situación concreta referida no punto 2 do artigo seguinte, omitirase a información correspondente á liquidación consolidada do ano do incumprimento.

d) Explicación individual dos axustes practicados ás previsións orzamentarias de ingresos e gastos, en cada un dos anos de vixencia do plan, co obxecto de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando resulte procedente.

e) Memoria explicativa das variacións interanuais nas previsións de ingresos e gastos, con indicación das actividades e medidas concretas que se deberán adoptar en cada exercicio e os efectos económicos destas no propio exercicio, e nos sucesivos ata a finalización do plan.

f) A entidade local poderá completar a información anterior con outra relevante que, na súa opinión, poida ter incidencia na consecución do reequilibrio.

Artigo 21. *Aprobación dos plans económico-financeiros polo Pleno.*

1. A aprobación do plan económico-financeiro polo Pleno da entidade local poderase efectuar na mesma sesión que a correspondente á aprobación do orzamento xeral ou das modificacións a este que sexan da súa competencia, mediante acordo específico e separado do de aprobación do orzamento, no suposto de que sexa o propio orzamento inicial ou modificacións posteriores as que incumpran o obxectivo. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do plan é de tres meses contados desde a aprobación do orzamento xeral ou as súas modificacións.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de plan económico-financeiro ata a liquidación do orzamento, de ser o caso.

2. Practicada a liquidación do orzamento, será condición suficiente que incumpra o obxectivo de estabilidade algunha das entidades ás cales se refire o artigo 2.1, alíneas a) ou b), deste regulamento, para que naza a obriga de elaborar o plan, computándose o prazo máximo de tres meses para a súa aprobación polo Pleno, desde a data de aprobación da liquidación do orzamento da referida entidade local.

Antes da expiración do prazo de tres meses, as entidades ás cales se refire o parágrafo anterior poderán solicitar da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou do órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, prórroga de ata tres meses adicionais, sempre que non se exceda a data do 31 de outubro, para a elaboración do plan econó-

mico-financeiro, cando quede acreditado documentalmente que dos avances de liquidación ou liquidacións xa practicadas ao resto de entidades afectadas se poida inducir que, unha vez efectuada a consolidación, se cumpre co obxectivo de estabilidade.

Sen prexuízo do anterior, o Pleno deixará sen efecto o plan inicialmente aprobado se, efectuada a consolidación das liquidacións orzamentarias e estados financeiros do grupo de entidades locais afectadas polo obxectivo, o resultado da avaliación a que se refire o artigo 16 deste regulamento fose de cumprimento do obxectivo de estabilidade.

3. Para os efectos do disposto neste artigo, as entidades locais que non estean incluídas no ámbito do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, comunicaranlle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira os plans económico-financeiros que aprobasen.

Artigo 22. *Aprobación e seguimento dos plans económico-financeiros polo Ministerio de Economía e Facenda e as comunidades autónomas con tutela financeira, en relación ás entidades locais do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

1. En aplicación do artigo 22 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, as entidades locais incluídas no ámbito do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que incumpran o obxectivo de estabilidade, remitiranlle as propostas de plans económico-financeiros aprobados polos seus respectivos plenos á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou, de ser o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde a aprobación do Pleno.

Os citados órganos, logo de revisión de documentación recibida e sen prexuízo de solicitar as aclaracións e información complementaria que consideren conveniente, serán os competentes para a aprobación do plan que, unha vez efectuada, lle será notificada por escrito á entidade local.

Co obxecto de lle dar cumprimento ao disposto no artigo 22.2 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, os órganos competentes das comunidades autónomas con tutela financeira trasladarán á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais un informe semestral no cal se relacionarán as entidades con plans aprobados e rexeitados, un resumo do contido dos plans aprobados e o informe de avaliación emitido polo órgano correspondente do artigo 16 deste regulamento.

2. A verificación do cumprimento dos plans aprobados, durante o seu período de vixencia, será efectuada anualmente pola propia entidade local; para este efecto a Intervención local emitirá informe anual relativo ao cumprimento do plan, nas diferentes fases de aprobación, execución ou liquidación do orzamento, que se porá en coñecemento do Pleno na sesión informativa correspondente.

Do devandito informe, unha vez coñecido polo Pleno, darase traslado á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou, de ser o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, para os efectos do seguimento regulado no mesmo artigo 22 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, no prazo máximo de quince (15) días hábiles.

O Pleno da entidade local deixará sen efecto o plan económico-financeiro que alcance o equilibrio en fase de liquidación, aínda que non se esgotase o horizonte temporal inicialmente previsto.

Artigo 23. *Comunicación dos plans económico-financeiros aprobados á Comisión Nacional de Administración Local.*

A comunicación á Comisión Nacional de Administración Local dos plans aprobados a que se refire o artigo 22.3 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria será efectuada pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

A referida comunicación, que se efectuará con carácter semestral, comprenderá un resumo dos plans recibidos na citada dirección xeral, distinguindo os aprobados por esta ou o órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, os desestimados por algún dos órganos anteriores e os que non necesitan aprobación por estes.

Artigo 24. *Incumprimento do equilibrio financeiro polas entidades do artigo 4.2 deste regulamento.*

1. Considerarase que as entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.2 deste regulamento se atopan en situación de desequilibrio financeiro cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, incorran en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade do artigo 4.1 a quen lle corresponda achegalos.

A situación de desequilibrio deducirase tanto dos estados de previsión de gastos e ingresos coma das súas contas anuais, e levará consigo a elaboración, baixo a supervisión dos servizos competentes da entidade local da cal dependan, dun plan de saneamento para corrixir o desequilibrio, entendendo por tal que a entidade elimine perdas ou achegue beneficios no prazo de tres anos.

2. Cando se produza a situación definida no punto anterior, as contas anuais da entidade en desequilibrio complementarase cun informe de corrección de desequilibrios para os efectos da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, no cal se detallarán as medidas que se adoptarán no futuro para corrixila e, unha vez aprobadas pola súa xunta xeral ou órgano competente, elevarase ao Pleno da entidade local de que depende, para coñecemento.

O plan de saneamento previsto no parágrafo segundo do punto anterior deberase presentar á aprobación do Pleno da entidade local da cal dependa, dentro do prazo de tres meses contados a partir da data de aprobación das contas pola xunta xeral ou órgano competente.

Aprobado polo Pleno, o plan de saneamento someterase aos mesmos requisitos de aprobación e seguimento establecidos para os plans económico-financeiros da correspondente entidade local.

Artigo 25. *Autorización de operacións de endebedamento ás entidades locais.*

1. Os expedientes de solicitude de autorización de endebedamento tramitados ante a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou o órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, ao abeiro do establecido no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberán incorporar os informes de avaliación sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da liquidación do orzamento do exercicio anterior e do orzamento aprobado para o exercicio corrente, emitidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou a Intervención local, en aplicación do artigo 16 deste regulamento.

A avaliación do orzamento en vigor incluírá, ademais das modificacións, de ser o caso, xa aprobadas, a incidencia no cumprimento do obxectivo das modificacións previsibles ata final do exercicio, non instrumentadas nese

momento, con especial referencia ás incorporacións de crédito de exercicios anteriores.

Das modificacións ao orzamento en vigor, non comunicadas, que resulte preciso efectuar con posterioridade á resolución do expediente de autorización de endebedamento, por causas sobrevidas ou imprevisibles e que afecten o cumprimento do obxectivo de estabilidade, daráselle conta, previamente á súa tramitación, ao órgano competente para esta, achegando o correspondente informe de avaliación.

2. De o informe de avaliación ser de incumprimento nalgún dos dous exercicios, o anterior ou o corrente, ademais da información anterior, a solicitude deberá incorporar o plan económico-financeiro aprobado polo Pleno, compatible coas medidas de saneamento que procedan para corrixir o remanente de tesouraría para gastos xerais ou o aforro neto cando resulten negativos, se se dese algún ou os dous supostos, nos termos establecidos para cada un dos casos no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3. Se a entidade local xa dispuxer dun plan económico-financeiro en vigor, a Intervención local deberá emitir un informe de verificación do cumprimento do plan en relación ao exercicio anterior e ao orzamento corrente, que se elevará ao Pleno e se achegará ao expediente xunto co plan sometido a informe.

Se houber desviacións no citado plan, incorporaranse medidas adicionais que permitan a súa absorción no período de vixencia do plan inicial, en particular se aquelas afectaren o saneamento do remanente de tesouraría para gastos xerais ou o aforro neto cando resulten negativos.

4. O incumprimento do obxectivo de estabilidade no último ano de vixencia do plan será causa suficiente de denegación da autorización de endebedamento.

5. As entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que, incumprindo o obxectivo de estabilidade, teñan aprobado un plan económico-financeiro de reequilibrio, deberán someter á autorización administrativa as operacións de crédito a longo prazo que pretendan concertar durante o período de vixencia daquel.

As entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que, incumprindo o obxectivo de estabilidade, non presentasen o plan económico-financeiro ou este non tiver sido aprobado polo órgano competente da Administración pública que exerza a tutela financeira, deberán solicitar autorización para concertar calquera operación de endebedamento a curto e a longo prazo.

No procedemento de autorización de endebedamento aplicarase o disposto nos puntos 1 a 4 deste artigo.

Artigo 26. *Publicidade do plan económico-financeiro.*

1. O plan económico-financeiro aprobado polo Pleno da corporación local e, de ser o caso, pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou o órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, será inserido, para os efectos exclusivamente informativos, no boletín oficial da corporación se o tivese, e no da provincia ou, de ser o caso, da comunidade autónoma uniprovincial.

2. Tamén para os efectos exclusivamente informativos, unha copia do plan económico-financeiro deberá estar á disposición do público desde a súa aprobación polo Pleno da corporación local e, de ser o caso, polos órganos competentes da Administración pública que exerza a tutela financeira das entidades locais, ata a finalización da vixencia daquel plan.

TÍTULO IV

Subministración de información**Artigo 27. Base de datos xeral de entidades locais.**

1. O presidente de cada entidade local remitiralle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais os datos relacionados no punto 2 deste artigo, relativos á entidade local e a todos os organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculados, dependentes ou nos cales participe, nun prazo de quince días hábiles contados desde a constitución, disolución ou modificación institucional, estatutaria ou financeira de cada ente.

Esta información constituirá a base de datos xeral de entidades locais, que será xestionada pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais e terá carácter público.

2. A información remitida deberá incluír os seguintes datos:

- a) A denominación da entidade local e denominación dos organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculadas ou dependentes dela.
- b) Os códigos INE e CIF identificativos.
- c) O domicilio e código postal de cada entidade.
- d) Teléfono, fax e enderezo de correo electrónico de cada entidade.
- e) As datas de alta, baixa ou modificación de cada entidade.
- f) A finalidade institucional, estatutaria ou societaria atribuída a cada suxeito.
- g) As competencias e actividades que teña encomendada pola norma ou acordo de creación do ente.
- h) Os recursos que financian a actividade de cada un dos entes.
- i) O réxime orzamentario e contable da entidade.
- j) No suposto de entidades de carácter asociativo, a todo o anterior engadirase a súa composición, órganos de goberno e, de ser o caso, a porcentaxe de participación de cada entidade.

Artigo 28. Base de datos de orzamentos e liquidacións de entidades locais.

1. O Ministerio de Economía e Facenda, a través da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, manterá unha base de datos de orzamentos e liquidacións de entidades locais que provexa de información suficiente e adecuada para permitir a verificación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais e demais suxeitos delas dependentes incluídos nas categorías previstas nos puntos 1 e 2 do artigo 4 deste regulamento.

En todo caso, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicitar as aclaracións que considere necesarias para a verificación do cumprimento do devandito principio.

2. O presidente de cada entidade local remitiralle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais os datos relativos ás entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos puntos 1 e 2 do artigo 4 deste regulamento, nos prazos sinalados para iso.

Artigo 29. Información relativa ao orzamento xeral da entidade local.

1. No prazo máximo de tres meses a partir da súa data de aprobación definitiva, o presidente de cada entidade local fará chegar á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a copia do orzamento

xeral así como os documentos adicionais precisos para obter a seguinte información:

a) O orzamento de gastos, clasificado polos criterios funcional e económico, coa desagregación necesaria para permitir o cumprimento das normas contidas na Lei xeral de estabilidade orzamentaria e neste regulamento.

b) O orzamento de ingresos, clasificado polo criterio económico, coa desagregación necesaria para permitir o cumprimento das normas contidas na Lei xeral de estabilidade orzamentaria e neste regulamento.

c) Calquera outra información adicional que se precise para a verificación do principio de estabilidade orzamentaria.

2. Calquera modificación orzamentaria que sexa competencia do Pleno da entidade local será transmitida nun prazo máximo de quince días hábiles desde a súa aprobación.

Artigo 30. Información relativa ás liquidacións e á conta xeral das entidades locais incluídas no artigo 4.1 deste regulamento.

1. Con anterioridade ao 31 de marzo do ano seguinte ao exercicio ao cal vaian referidas as liquidacións, o presidente de cada entidade local fará chegar á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais unha copia da liquidación do orzamento xeral así como os documentos adicionais precisos para obter a seguinte información:

a) A liquidación do orzamento de gastos, clasificado polos criterios funcional e económico, coa desagregación necesaria para permitir a verificación do cumprimento das normas contidas na Lei xeral de estabilidade orzamentaria e neste regulamento.

b) A liquidación do orzamento de ingresos, clasificado polo criterio económico, coa desagregación necesaria para permitir a verificación do cumprimento das normas contidas na Lei xeral de estabilidade orzamentaria e neste regulamento.

c) Estado demostrativo dos dereitos a cobrar e das obrigacións a pagar procedentes de orzamentos pechados.

d) Estado de remanente de tesouraría.

e) Resultado orzamentario.

f) As obrigas recoñecidas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles e non satisfeitas, non imputadas ao orzamento.

g) Balance e conta de perdas e ganancias formulados polo consello de administración, para os suxeitos que estean sometidos ao Plan xeral de contabilidade da empresa.

h) Calquera outra información adicional que se precise para a verificación do principio de estabilidade orzamentaria.

As fases orzamentarias incluídas serán, polo menos, as correspondentes aos créditos e previsións definitivas, obrigas e dereitos recoñecidos e cobramentos e pagamentos de exercicios corrente e pechados.

2. Con anterioridade ao 31 de outubro do ano seguinte ao exercicio ao cal vaian referidas as liquidacións, o presidente de cada entidade local fará chegar á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a copia da conta xeral así como os documentos adicionais precisos para obter a seguinte información:

a) A información establecida no punto primeiro deste artigo.

b) Detalle de operacións non orzamentarias.

c) Estado da débeda, incluída a débeda aprazada en convenio con outras administracións públicas.

d) Estado de contas de tesouraría.

- e) Avais outorgados.
- f) Balance, conta de perdas e ganancias e memoria anual das entidades que estean sometidas ao Plan xeral de contabilidade da empresa ou ás súas correspondentes adaptacións sectoriais.
- g) Calquera outra información adicional que se precise para a verificación do principio de estabilidade orzamentaria.

Artigo 31. *Información relativa aos entes dependentes ou vinculados das entidades locais incluídos no artigo 4.2 deste regulamento.*

1. Con anterioridade ao 31 de outubro do ano seguinte a aquel ao cal vaian referidas as liquidacións, o presidente de cada entidade local deberalle remitir á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a información correspondente a aqueles entes dependentes ou vinculados a esta.

2. A dita información estará constituída polas contas anuais elaboradas de acordo co Plan xeral de contabilidade que lles sexa aplicable.

Artigo 32. *Información trimestral relativa á liquidación do orzamento das entidades locais.*

As entidades locais incluídas no ámbito do artigo 5 deste regulamento deberanlle remitir á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais estados de execución trimestrais dos orzamentos de ingresos e gastos, coa desagregación necesaria para permitir a verificación do cumprimento das normas contidas neste regulamento, ou, de ser o caso, balance e conta de perdas e ganancias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 deste regulamento.

Artigo 33. *Acceso á información centralizada por parte das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas que exercen tutela financeira sobre as entidades locais do seu territorio terán acceso á información contida respecto daquelas no Inventario de entes do sector público local e na base de datos de orzamentos e liquidacións de entidades locais, nos termos que se determine, de ser o caso, nos correspondentes convenios de colaboración que se subscriban para o intercambio de información.

Artigo 34. *Procedementos telemáticos e formatos para a subministración de información.*

1. A información que as entidades locais lle deberán subministrar á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, establecida neste regulamento, poderase remitir ben directamente, utilizando a Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, ben a través das delegacións especiais e provinciais do Ministerio de Economía e Facenda.

2. O ministro de Economía e Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, determinará mediante orde os procedementos telemáticos apropiados, así como os formatos de intercambio de datos que lles faciliten ás entidades locais a subministración da información recollida neste regulamento.

Artigo 35. *Incumprimento na subministración de información.*

Con periodicidade anual, o Ministerio de Economía e Facenda elevará informe detallado á Comisión Nacional de Administración Local dos incumprimentos que se produzan en canto ás obrigas de subministración de información recollidas neste título.

TÍTULO V

Central de Información de Riscos das Entidades Locais (CIR Local)

Artigo 36. *Obxecto da Central de Información de Riscos das Entidades Locais.*

A Central de Información de Riscos das Entidades Locais conterá información das operacións de préstamo, crédito e emisións de débeda pública en todas as súas modalidades, os avais e garantías prestados en calquera clase de crédito, as operacións de arrendamento financeiro, así como calquera outra que afecte a posición financeira futura da entidade, concertadas polas entidades locais, os seus organismos autónomos e as sociedades mercantís participadas de forma directa ou indirecta, así como polos consorcios en que participen as devanditas entidades locais e os seus entes dependentes. A información comprenderá todas as operacións, con independencia do seu prazo.

Artigo 37. *Órgano competente.*

A Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais será o órgano encargado da xestión da Central de Información de Riscos das Entidades Locais.

Artigo 38. *Fontes de información.*

1. De conformidade co previsto no artigo 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, están obrigados a lle subministrar información á Central de Información de Riscos das Entidades Locais:

a) O Banco de España, respecto da información que reciba das entidades financeiras a través da súa Central de Información de Riscos, relativa ao endebedamento das entidades locais e os seus entes dependentes.

b) As comunidades autónomas que exercen tutela financeira sobre as entidades locais do seu territorio, respecto da información sobre endebedamento local que coñezan no exercicio da citada competencia e, especialmente, a referida ás operacións que, de acordo co texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, están sometidas a autorización.

A Administración xeral do Estado poderá establecer convenios de colaboración coas comunidades autónomas para o intercambio de información sobre riscos asumidos polas entidades locais da súa área xeográfica, que se estenderán á información sobre operacións de crédito que, non precisando autorización, poida ser facilitada por aquelas á Central de Información de Riscos das Entidades Locais. Estes convenios basearanse no principio de reciprocidade, o que lles permitirá ás comunidades autónomas dispor da información existente na Central de Información de Riscos das Entidades Locais referida ás entidades da súa demarcación.

c) As entidades locais, respecto das operacións establecidas no artigo 36 deste regulamento, concertadas pola propia entidade, os seus organismos autónomos, as sociedades mercantís participadas directa ou indirectamente e os consorcios en que aquelas participen. Esta obriga alcanzará tanto as operacións a curto prazo como a longo prazo, independentemente de que estean sometidas a autorización ou non de acordo coas leis.

2. Os bancos, as caixas de aforro e as restantes entidades financeiras e de crédito remitiranlle á Central de Información de Riscos do Banco de España a información sobre riscos locais establecida no artigo 36 deste regula-

mento, na forma e coa periodicidade establecida na normativa do Banco de España.

Artigo 39. *Contido da información.*

1. A información que lle deberán subministrar as comunidades autónomas e as corporacións locais á Central de Información de Riscos das Entidades Locais comprenderá, para cada unha das operacións, independentemente de que estean sometidas a autorización ou non de acordo coas leis, os seguintes datos: data do contrato, importe, prazo de reembolso con indicación dos períodos de carencia, de ser o caso, tipo de xuro con indicación da referencia se é variable, destino dos recursos, garantías prestadas, comisións e outros gastos, así como aqueles outros que se consideren necesarios.

2. Por orde do ministro de Economía e Facenda regularanse os procedementos, preferentemente telemáticos, que se van seguir para a recolla da información necesaria, así como o formato e contido dos soportes que se van utilizar. Igualmente, regularanse os tipos de operacións financeiras das cales informará a Central de Información de Riscos das Entidades Locais e as súas características.

3. O Banco de España remitirá a información relativa á situación no fin de mes de cada unha das operacións de endebedamento local, tanto a curto prazo como a longo prazo, que comprenderá os importes correspondentes ao crédito dispoñible e crédito disposto pendente de reembolso, así como aqueles outros datos que resulten necesarios para identificar, sen lugar a dúbidas, as distintas operacións de débeda.

Artigo 40. *Remisións inicial e posteriores da información.*

1. A primeira remisión de información que realicen as comunidades autónomas e as entidades locais a que se refiren as alíneas b) e c) do punto 2 seguinte alcanzará a totalidade de operacións de calquera natureza vixentes nesa data.

2. As remisións posteriores de información axustaranse, en canto á súa periodicidade, ás seguintes normas:

a) O Banco de España remitirá a información con periodicidade mensual e os datos relativos a posicións debedoras estarán referidos ao último día de cada mes.

b) As comunidades autónomas que exercen tutela financeira sobre as entidades locais do seu territorio remitiranlles mensualmente a información referida a aquelas entidades locais en que se producisen variacións, ben na propia corporación ou nalgún dos seus entes dependentes, durante o período correspondente. A devandita información alcanzará exclusivamente os datos referentes ás variacións producidas na propia entidade local, os seus organismos autónomos e sociedades mercantís en que participe de forma directa ou indirecta.

c) As entidades locais remitirán información mensual, referida só a aqueles meses en que se producisen variacións na entidade local ou nalgún dos seus entes dependentes. A devandita información alcanzará exclusivamente os datos referentes ás variacións producidas na propia entidade local, os seus organismos autónomos e sociedades mercantís en que participe de forma directa ou indirecta.

Malia o establecido nas alíneas b) e c) anteriores, e en función das necesidades do sistema, nos casos en que a inconsistencia interna da información procedente das diversas fontes o aconselle, poderase solicitar de determinadas entidades locais ou grupos destas información comprensiva da totalidade das súas operacións vixentes.

Para estes efectos, enténdese por variacións a concertación dunha nova operación, a modificación das condi-

cións contractuais dalgunha das vixentes ou a cancelación anticipada dalgunha destas.

3. Con periodicidade anual, o Ministerio de Economía e Facenda elevará informe detallado á Comisión Nacional de Administración Local dos incumprimentos que se produzan en canto á remisión de información das variacións recollidas na alínea c) do punto 2 anterior.

Artigo 41. *Usuarios da información.*

1. O acceso á información contida na Central de Información de Riscos das Entidades Locais realizarase conforme os seguintes criterios:

a) As entidades locais poderán acceder á totalidade da información propia existente na Central de Información de Riscos das Entidades Locais, resultante do tratamento dos datos procedentes das distintas fontes.

b) As comunidades autónomas que exercen tutela financeira sobre as entidades locais do seu territorio recibirán toda a información existente na Central de Información de Riscos das Entidades Locais referida a estas, nos termos que se establezan nos correspondentes convenios de colaboración.

c) O Banco de España recibirá toda a información existente na Central de Información de Riscos das Entidades Locais, procedente do procesamento dos datos obtidos das restantes fontes de información.

d) A Intervención Xeral da Administración do Estado terá acceso á información contida na Central de Información de Riscos.

e) As restantes persoas ou entidades interesadas poderán ter acceso á información relativa a calquera entidade existente na Central de Información de Riscos das Entidades Locais, coa condición de que acrediten por escrito a autorización da entidade local titular da información.

2. Dentro do primeiro trimestre de cada exercicio, o Ministerio de Economía e Facenda elevará informe detallado á Comisión Nacional de Administración Local, da débeda viva, o 31 de decembro do exercicio inmediato anterior, de cada entidade local, en termos agregados e expresados en euros.

O informe anterior será publicado polo Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional primeira. *Remisións orgánicas.*

1. Cando se trate de entidades locais de ámbito territorial inferior ao municipal, as referencias contidas neste regulamento á entidade local, ao Pleno desta e ao seu presidente entenderanse feitas, respectivamente, á entidade local respectiva, á xunta ou asemblea veciñal e ao alcalde pedáneo.

2. Cando se trate de áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios, comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios, as referencias contidas neste regulamento á entidade local, ao Pleno desta e ao seu presidente entenderanse feitas, respectivamente, á entidade local respectiva, ao órgano colexiado superior de goberno e administración da entidade, se o houber, e ao presidente daquel.

De non existir órgano colexiado superior, as referencias ao Pleno e ao presidente da entidade local entenderanse feitas ao órgano unipersonal de goberno e administración da entidade nun e noutro caso.

Disposición adicional segunda. *Confirmación da información da CIR Local.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste regulamento, as entidades locais deberán confir-

mar a información referida a estas contida na Central de Información de Riscos das Entidades Locais ou, de ser o caso, efectuar a remisión inicial da información que deba integrala.

2. O 31 de decembro do ano de entrada en vigor deste regulamento, o Ministerio de Economía e Facenda elevará informe detallado dos incumprimentos producidos á Comisión Nacional de Administración Local.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

19072 REAL DECRETO 1366/2007, do 19 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas en perigo de extinción. («BOE» 264, do 3-11-2007.)

A normativa básica que veu regulando, durante os últimos anos, en España as axudas ás entidades ou asociacións oficialmente recoñecidas para a conservación das razas en perigo de extinción é o Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción.

Mediante esta normativa veuse financiando e apoiando esta liña de actuación que a nivel nacional e internacional experimentou un auxe considerable, en consonancia co interese desenvolvido e a concienciación para a preservación da diversidade zooloxénica.

Á vista da experiencia na súa aplicación, así como ante a necesidade dun maior impulso ao mantemento e á conservación do elevado patrimonio xenético que as devanditas razas supoñen, é preciso substituír esta norma para establecer expresamente as axudas para a xestión do libro xenealóxico correspondente e adaptala á normativa comunitaria vixente.

De acordo co anterior, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e dentro do marco establecido no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001 (DOUE L 358, do 16 de decembro de 2006), procédese a substituír o Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, para dispor entre as actuacións subvencionables o mantemento dos libros xenealóxicos e para a súa adaptación á citada normativa, establecendo unha nova norma reguladora das bases das subvencións para o fomento das razas autóctonas en perigo de extinción, contidas no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas polas comunidades autónomas.

Coa finalidade de regular debidamente este réxime de axudas e tendo en conta que as modificacións que se van incorporar afectarían boa parte do articulado do Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, que sufriría unha modificación moi extensa, considérase o máis conveniente, para maior claridade e conseguinte seguridade xurídica, ditar un novo real decreto e derrogar o antes citado.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento das razas autóctonas en perigo de extinción, contidas no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España, destinadas ás organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas polas comunidades autónomas.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

Poderanse acoller ás axudas a que se refire o artigo anterior as organizacións ou asociacións de gandeiros recoñecidas polas comunidades autónomas que cumpran os requisitos seguintes:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Acreditar que os gandeiros que as integran dispoñen dun mínimo do 60 por cento das reprodutoras da raza ou razas en perigo de extinción.
- c) Cumprir os requisitos exigidos polos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os establecidos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.
- d) Estar oficialmente recoñecidas para a xestión do libro ou libros xenealóxicos da raza ou razas en perigo de extinción pola comunidade autónoma correspondente e garantir nos estatutos a participación democrática dos seus membros e a ausencia do trato discriminatorio para os criadores.
- e) Garantir nos seus estatutos a participación democrática dos membros e o acceso dos non-membros aos beneficios que perciban os asociados procedentes das administracións públicas.

Artigo 3. *Actuacións obxecto de subvención.*

1. Poderán ser subvencionadas as seguintes actuacións:
 - a) Realización de estudos e estatísticas sobre os aspectos etnolóxicos, zootécnicos e produtivos das especies, así como sobre a súa caracterización morfolóxica e reprodutiva.
 - b) Educación, formación e divulgación de coñecementos científicos en materia zootécnica.
 - c) Organización de certames gandeiros e participación nestes.
 - d) Creación ou mantemento de libros xenealóxicos.
 - e) Elaboración de programas de conservación e mellora xenética e a súa posta en práctica.
 - f) Creación de bancos de xermoplasma, seme e embrións conxelados ou reserva en vivo en centros autorizados oficialmente.

2. As actividades das alíneas a) e e) do punto anterior deberán estar realizadas por centros de investigación ou desenvolvemento e asinadas por un responsable destes.